



2 de Outubro de 2011. Unhas 2000 persoas de 30 colectivos diferentes, pertencentes a Plataforma para a defensa da Ría do Burgo, entre as que se atopa ADEGA, déronse cita este domingo as 12 da mañá, para pedirlle tanto ao goberno central como ao da Xunta de Galiza que poñan prazo e excuten un plano para rexeneración da Ría do Burgo, onde só o 21 % da mesma é productivo. Mentras non o fagan, os lodos seguirán avanzando e faranlle un fraco favor a nosa ría. A manifestación rematou xusto onde se producirá o verquido de 37000 litros de queroseno un mes antes.

